



## Boletín Informativo

### PREMIOS A RECURSOS EDUCATIVOS PARA A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN 2007

No [DOG nº 121](#) do luns 25 de xuño saíu publicada a nova convocatoria conxunta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Innovación e Industria dos PREMIOS A RECURSOS EDUCATIVOS PARA A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN 2007.

As Direccións Xerais de

Promoción Industrial e da Sociedade da Información e a de Ordenación e Innovación Educativa queren promover a creación e divulgación de contidos dixitais de calidade na rede, impulsar o coñecemento do software libre por parte da comunidade educativa e recoñecer e valorar o esforzo do profesorado na adopción das tecnoloxías de información e comunicación no seu traballo cotián.

As modalidades nas que se poderá participar son as seguintes:

A-ferramentas de autor  
B-materiais curriculares

web

C-Galerías de imaxes e vídeos didácticos.

D-Aplicacións de software libre

Destinaranse 52.000 euros aos premios, cuns primeiros premios de 6000 euros nas modalidades A,B,D e de 3000 euros na modalidade C. Poderá participar, a nivel individual ou en grupo, o profesorado de centros non universitarios sostidos con fondos públicos. O prazo de participación comenza o día seguinte á súa publicación no DOG e rematará o 15 de setembro.



### PREMIOS Á INNOVACIÓN EDUCATIVA EN VALORES DEMOCRÁTICOS

Convócanse os Premios á innovación educativa sobre a educación nos valores democráticos 2007. Trátase de 20 premios sobre 10 temas

relacionados cos valores. A orde de convocatoria saíu publicada no [DOG do 26 de xuño de 2007](#).



### XORNADAS “O ENSINO CLIL, SECCIÓNS BILINGÜES”

No próximo mes de outubro, os días 5 e 6, terán lugar no Palacio de Congresos de Santiago de Compostela as Xornadas **O ensino CLIL, seccións bilingües**, organizadas polos servizos centrais da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e dirixidas ao profesorado de

educación primaria, secundaria e formación profesional específica participante no plan experimental de seccións bilingües da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como a todo o profesorado interesado en desenvolver proxectos relacionados co plurilingüismo nos

seus centros. O prazo de inscrición está aberto ata o 21 de setembro e o límite de prazas é 400 docentes. O profesorado interesado pode inscribirse buscando por linguas estranxeiras en

<http://www.edu.xunta.es/fprof>

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Edif. Adm. San Caetano s/n  
15781  
Santiago de Compostela

Correo: [xsoie@edu.xunta.es](mailto:xsoie@edu.xunta.es)

#### Contido:

Premios a recursos educativos para a sociedade da información 2007	1
Premios á innovación educativa en valores democráticos	1
Xornadas “O ensino CLIL, seccións bilingües”	1
Programa ALERTA ESCOLAR	2
Resolución do concurso de libros Web “Letras Galegas 2007”	2
Nova materia optativa “Taller de iniciativas emprendedoras”	2
Programa “Mira por el”	2
Curso de verán “Judaísmo, Cristianismo e Islam”	3
Escola de verán “Rosa Sentat”	3
Revista Galega do Ensino	3



A Consellería de Educación e O.U. e a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia –061 venñen de asinar un acordo de colaboración para o desenvolvemento do programa “Alerta Escolar” que ten como finali-

## ALERTA ESCOLAR

dade facilitar atención inmediata e eficiente a os nenos/as escolarizados na nosa Comunidade que presenten algunha das seguintes patoloxías:

(anafilaxia)

**Crises comiciais (epilepsia)**

**Crises diabéticas (hipoglucemia)**

[MAIS INFORMACION](#)

**Crises alérgicas**

## RESOLTO O CONCURSO DE LIBROS WEB LETRAS GALEGAS 2007

Resolto o **concurso de libros web colaborativos** convocado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e pola Secretaría Xeral de Política Lingüística con motivo do Día das Letras Galegas. Os

traballos premiados son: na categoría de infantil e primaria, o [A miña avoa vai á escola](#) (Colexio Pablo VI-Fátima) e [Froriñas](#) dos valados (CRA de Rianxo); na categoría de secundaria, [Unha visión colectiva de](#)

[María Mariño](#) (Colexio Andaina). O xurado acordou felicitar e agasallar o alumnado do CEIP Valeixe polo seu traballo [Muller do seu tempo](#).

## NOVA MATERIA OPTATIVA PARA 3º ESO: TALLER DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS

Trátase dunha nova materia optativa para o alumnado de 3º ESO (no futuro tamén para o de 4º ESO) que terá a oportunidade de coñecer e desenvolver a cultura emprendedora dun xeito práctico. Os contidos da materia distribúense en

tres bloques temáticos:

**O emprendedor e a xeración de ideas emprendedoras**

**Planificar para emprender**

**A posta en marcha. A execución do proxecto.**

A materia tenta desenvolver as capacidades emprendedoras: creatividade, iniciativa, comunicación, autoestima, toma de decisións, compromiso, negociación e asunción de riscos.

[MÁIS INFORMACIÓN](#)



É unha campaña de difusión promovida pola Consellería de Cultura e Deporte para a **protección e difusión do patrimonio cultural galego**, dirixida entre outros a os centros educativos galegos. Porá-

se en marcha a partir de outubro e suporá a realización de varias actividades no centro educativo por un período de 15 días. Contará con espazos expositivos, charlas divulgativas, xogos, con-

ursos fotográficos e excursións, dirixidas por monitores especialistas coa colaboración dos equipos docentes dos centros interesados.

[MÁIS INFORMACIÓN](#)

## CURSO DE VERÁN “JUDAÍSMO, CRISTIANISMO E ISLAM”

### Plan Galego de Convivencia

<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



Os días 16,17 e 18 de Xullo, na sede da Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP) de A Coruña, terá lugar o curso “Judaísmo, Cristianismo e Islam: tres relixións en diálogo” dirixi-

do por D. Juan José Tamayo. A matrícula está aberta ata o 13 de xullo. Máis información en [www.uimp.es](http://www.uimp.es)



## ESCOLAS DE VERÁN ROSA SENSAT

A asociación de mestres Rosa Sensat presenta en Barcelona unha nova edición da súa Escola de Verán. O tema xeral de este ano é “**A educación da liberdade**”. O programa abarca unha ampla

gama de cursos e actividades nos que poderán participar os profesionais da educación. Entre o 2 e o 13 de xullo de 2007.

[MÁIS INFORMACIÓN](#)



### Rede de Centros Bilingües

[http://www.edu.xunta.es/contidos/rede\\_linguas](http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas)

**REDE DE CENTROS BILINGÜES**  
Ensino BICULTURAL en Galicia

## REVISTA GALEGA DO ENSINO



Xa pode acceder a través do portal educativo ao último número da Revista Galega do Ensino. Trátase do [N° 49 \(Xaneiro-Abril 2007\)](#)